

LENDAS

À pedra

Segundo unha lenda o nome da Pedra provén dunha Santa feita de dito material que se atopou hai uns anos na fonte do Cabaneiro.

Di a lenda que en dita fonte atopouse unha pedra que posuía a forma dunha imaxe; a xente que daquela habitaba na Pedra colleuna e levouna á igrexa de San Antón.

Tamén di a lenda que a imaxe, celosa de San Antón, que pola época era o patrón, retornou inexplicablemente á fonte. Entón a xente decidiu que o lugar da Pedra se chamaría Santa María da Pedra e que pasaría a ser a patroa dese lugar.

Dende entón a imaxe atópase na igrexa de Santa María da Pedra, ó mesmo tempo que a fonte do Cabaneiro se chama agora a Fonte da Virxe.



A Virxe do Carme

Hai moitos anos que se di que se lle cae a coroa á Virxe do Carme pasará unha desgracia moi grande no mar, perecendo xente dese lugar ou moi preto del.

Un deses anos caeulle a coroa e días despois houbo unha galema que, durante días, provocou o afundimento de varias embarcacións na enseada do Cabo Ortegal, producíndolle a morte a moitas persoas.

Antes non se saía coa Virxe de procesión polo mar, pero dende ese ano sempre a levan en barco ata o lugar da catástrofe. A víspera do día do Carme os mariñeiros transportana da igrexa ó porto e alí faise unha misa como homenaxe ós naufragos (levando en cada momento posta a coroa) e ó día seguinte súbena a un barco situándoa coa cara para adiante e van ata o citado lugar; ó chegar depositan flores sobre o mar como recordo de toda a xente que morreu nel.

Ó volver a porto o barco que transporta a Santa é o último en atracar porque as outras embarcacións pasan diante dela para agradecerlle que os trouxera de volta sen problemas. Hai quen di que a Virxe baixa da igrexa con cara leda e cando volve tena triste por causa do recordo das vidas que cobrou o mar.

A lenda da Terra da Mica

Unha noite de inverno, sobre o ano 1930, un barco pirata afundiou na barra de Fornos. Morreron tódolos tripulantes e conseguiron atopalo cadáver dun deles. Este foi soterrado na Punta da Escada, preto da praia de Fornos.

Tamén atoparon un estraño animal, que era totalmente descoñecido para os veciños dos arredores. A xente, ó descoñece-lo animal, pensaron que era un monstro que o demo lles mandara e matárono a paus e a pedradas. Naqueles tempos non se coñecían animais semellantes.

Cando descubriron que mataran á Mica, arrepentíronse de facer tal cousa e prometeron que nunca máis ían matar nada que non coñeceran. Entón, dende aquela, á xente de Figueiroa chámanlle a XENTE DA TERRA DA MICA.

Unha lenda de San Andrés de Teixido

Unha lenda sobre San Andrés de Teixido cóntanos que cando unha persoa ofrece a outra ten que ir aló, de vivo ou de morto. Se por calquera cousa a persoa ofrecida morre antes de ir a San Andrés, un familiar seu, o máis próximo posible, terá que ir no seu lugar, pero soa.

Irá ó cemiterio a xunto da súa lápida e partirá ata San Andrés. Todo o que vaia vendo ou saltando terá que ilo dicindo; por exemplo, “por este camiño pasamos mortos e vivos”, “esta pedra sáltana os mortos e vivos”... Xa que se ó longo do camiño se fan cousas e non se din en alto, a alma desa persoa volverá á súa tumba e non descansará nunca en paz. O seu parente terá que volver ó cemiterio e facer de novo o camiño ata San Andrés de Teixido.